

MANIFESTO FINAL

“Cinguidos pola Vida”

Baixo este lema, a Comunidade Cristiá do Cristo da Vitoria de Vigo, vimos de celebrar estes días a vixencia actual dos acontecementos centrais da nosa fe.

Xuntos temos celebrado que a eucaristía é a mesa compartida, fonte da fraternidade e da solidariedade humana; que na cruz de Xesús descubrimos tamén a tódolos crucificados que no mundo seguen a ser vítimas da exclusión ou o desprezo; que na súa resurrección recoñecemos a vitoria de tódalas causas que apostan pola vida en dignidade e plenitude.

Fai moito tempo que descubrimos -como tantas comunidades cristiás- que a nosa fe soamente pódese entender dende un compromiso fondo e sincero coa causa dos máis empobrecidos; que somos verdadeiros seguidores do evanxeo na medida que a nosa relación con Deus non remata dentro dos muros do Templo; que a fe impúlsanos a dar testemuño dese Deus, que facéndose un en medio de nós, quixo divinizar todo o humano e facer da historia dos seres humanos unha historia de salvación.

Así entendemos e vivimos a palabra e a práctica de Xesús de Nazaret, o Cristo, o fillo de Deus.

E dende estás fortes conviccións, queremos berrar hoxe dende o noso barrio ao mundo enteiro que...

Seguimos cinguidos a prol da vida, porque temos o soño dun mundo distinto, feito á medida da vontade de Deus, no que todos os seres humanos sexan revestidos de liberdade e dignidade.

Cinguidos a prol da vida, porque albergamos a utopía dunha sociedade que teña como centro e horizonte o corazón das persoas -de todas as persoas- máis alá dos intereses económicos e da estreita visión dos mercados.

Cinguidos a prol da vida, porque temos o soño dunha Igrexa renovada na que os empobrecidos deste mundo atopen defensa, acougo e agarimo.

Unha Igrexa empeñada en ofrecer á sociedade unha palabra de alento e esperanza e que abandone o costume do prexuízo e a condena. Unha Igrexa desposuída dos símbolos de poder, de mulleres e homes iguais, que sexa alternativa real ao sistema de opresión que nos impoñen os poderosos deste mundo.

**Irmás, Irmáns ... CRISTO RESUCITOU
QUE RESUCITE O POBO
QUE RESUCITE A IGREXA**